



Boletín Informativo

Consellería de Educación e
Ordenación Universitaria

Edif. Admin. San Caetano s/n
15781
Santiago de Compostela

Correo: xsoie@edu.xunta.es

SAUDIÑA

Revista Saudiña nº 13, xaneiro de 2007. O voceiro do Plan Valora recolle as boas prácticas dos centros educativos, artigos especializados neste ámbito destinados a toda a comunidade educativa, así como outras

seccións a partir das que se contribúe a difundir a educación en valores no eido escolar.

[Acceso á revista.](#)



COMEDORES ESCOLARES

Sae publicado no DOG nº 26 do 6 de febreiro de 2007 o decreto 10/2007, do 25 de xaneiro, polo que se regula o funcionamento dos comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería

de Educación e Ordenación Universitaria.

[Acceso ao DOG](#)



XORNADAS SOBRE O TRÁNSITO DO ENSINO SECUNDARIO AO ENSINO SUPERIOR

O día 5 de marzo de 2007, celebraranse no Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia, en Santiago de Compostela, as *Xornadas sobre o Tránsito do Ensino Secundario ao Ensino Superior*, dirixidas aos responsables dos departamentos de orientación dos IES. As persoas que desexen participar nestas xornadas de-

berán inscribirse nelas a través da Plataforma de Formación do Profesorado, <http://www.edu.xunta.es/fprof> antes do día 20 de febreiro de 2007.

Como complemento destas xornadas, e dirixido ao alumnado dos centros de secundaria, celebraranse un Salón do Ensino Superior

de Galicia os días 24, 25, 26 e 27 de abril, no Palacio de Congresos e Exposicións de Santiago de Compostela. Os tres primeiros días destínanse a atender ao alumnado dos centros de ensino secundario e o día 27 será de portas abertas.

Contido:

Saudiña	1
Comedores escolares	1
Xornadas sobre o Tránsito do Ensino Secundario ao Ensino Superior	1
Xubilación anticipada voluntaria	2
Premios Ejército 2007	2
Galardón extraordinario do Premio Internacional Escolar Paz e Cooperación	2
25 anos de autonomía	2

XUBILACIÓN ANTICIPADA VOLUNTARIA

**Portal Galego de
Contidos Educativos**
<http://www.edu.xunta.es/contidos>



Orde do 26 de xaneiro de 2007 pola que se regula a xubilación anticipada voluntaria conforme á disposición transitoria segunda da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

[DOG nº 24](#), venres 2 de febreiro de 2007.



PREMIOS EJÉRCITO 2007

Convocatoria dos *Premios Ejército 2007*. O obxectivo fundamental destes premios é fomentar a participación do persoal das institucións nun premio relacionado coa creación artística e literaria. Pretenden acercar o exército á sociedade e especialmente á mocidade.

Na modalidade referida á ensinanza escolar establécense tres niveis de participación: nivel A, cunha dotación económica de 3.900€ para o alumnado de educación primaria; nivel B, cunha dotación de 4.500€, para o alumnado de educación secundaria ou forma-

ción profesional; e nivel C, cunha dotación de 5.100€, para alumnado de bacharelato ou formación profesional de grao superior.

([B.O.E. nº 19](#), do 2 xaneiro 2007)

Plan Galego de Convivencia
<http://www.edu.xunta.es/convivencia>



GALARDÓN EXTRAORDINARIO DO PREMIO INTERNACIONAL ESCOLAR PAZ E COOPERACIÓN 2006

O CPI Covaterreña, de Baiona, obtivo o galardón extraordinario no Premio Internacional Escolar Paz e Cooperación 2006, "Por un planeta sin violencia de género".

Convocado o premio escolar Paz y Cooperación 2007, "Mi derecho a decidir".

[Bases do concurso.](#)

[Ler máis.](#)



Rede de Centros Bilingües
http://www.edu.xunta.es/contidos/rede_linguas



25 ANOS DE AUTONOMÍA

Presentación da serie documental elaborada por TVE en Galicia con motivo do 25 aniversario da aprobación do actual Estatuto. Este traballo, composto por 10 capítulos, será distribuído nos centros educativos

galegos e axudará o alumnado a comprender a historia de Galicia.

